

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 28 DE NOVIEMBRE DE 2014

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 8:37 horas do día 28 de novembro de 2014, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera (que se ausenta no punto segundo da orde do día), don Antón Lois Noceda Carballo, don José Antonio López Rodríguez (que se ausenta no punto segundo da orde do día), dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, dona Rita María Couto Seijido, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiu a concelleira: dona Inés Roca Requeijo

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do expediente do Plan de obras e servizos do ano 2015, (POS 2015), da Deputación Provincial da Coruña

Consta no expediente a seguinte propsta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada en sesión ordinaria do 25.11.2014 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 3 abstencións (2 do grupo municipal socialista e 1 do grupo municipal do BNG):

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a solicitude da subvención relativo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, no que consta entre outra documentación:

1 Proxecto de obra “Renovación de servizos e pavimentos na avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe esquerda)” asinado polo enxeñeiro don Miguel Nieto Matamoros de abril de 2014 (RXE nº 5568 de 13.06.2014. Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 4 de novembro do 2014.

2 Proxecto de obra “Mellora do saneamento da Rúa Unión (Maniños)”, asinado polo enxeñeiro de camiños on Julio C. Rojo Martínez (RXE nº 10826 17.11.2014). Sobre o mesmo consta dilixencia asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal como informado en data 21 de novembro do 2014. Xúntase tamén documento calificado como “acta de replanteo previo” asinada polo redactor do proxecto en data 14 de novembro do 2014.

3 Os correspondentes informes dos servizos técnicos municipais e xurídicos sobre os proxectos meritados

Logo de ver que o prazo de finalización da solicitude do POS 2015 remata o 1 de decembro do 2014, propónse que o Pleno do Concello ACORDE:

0-0
09E
150
P-
E-
TC

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Renovación de servizos e pavimentos na avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe esquerda)	191.231,59 €	0	191.231,59 €
Mellora do saneamento da Rúa Unión (Maniños)	59.041,13 €	0	59.041,13 €
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	250.272,72 €		250.272,72 €

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 21 de novembro do 2014
O alcalde-presidente
Gumersindo Pedro Galego Feal"

Abre o debate o concelleiro de Obras, Alejandro Dopico Rodríguez, que di que a proposta consta de dúas actuacións, a primeira consiste na renovación das canalizacións e nova pavimentación e a segunda vén determinada pola necesidade de renovar o saneamento da zona que vai repercutir na mellora dos servizos de todos aqueles veciños afectados.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que consideran que as obras son importantes e necesarias para os veciños, neste caso existe o consenso de todos os grupos da oposición e por tanto o seu grupo apoiará a proposta.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que esta a proposta foi negociada previamente e por iso anuncia que votarán a favor.

A continuación fa uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que se trata de obras que xa foron faladas e votará a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Renovación de servizos e pavimentos na avda. das Pías (Estrada FE-14) Fase 2 (marxe esquerda)	191.231,59 €	0	191.231,59 €
Mellora do saneamento da Rúa Unión (Maniños)	59.041,13 €	0	59.041,13 €
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIÓNS	250.272,72 €		250.272,72 €

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

2. Aprobación, se procede, do expediente de crédito extraordinario, núm. 5/2014

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada desfavorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego do Concello de Fene realizada en data 24 de novembro de 2014 por 3 votos a favor do Partido Popular e 5 votos en contra (2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Propónse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de créditos extraordinarios nº 5/2014, e se propoñen ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 05/2014 de crédito extraordinario financiado con RTGX por un importe global de 375321.56 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias creadas polo crédito extraordinario:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
155/61901	Vías Públicas. Pavimentación rúas no núcleo urbano	193649.45
453/61901	Estradas. Pavimentación núcleos rurais	181672.11

Medios de financiación do gasto.-

-Propónse que a financiación se realice con cargo ó RTGX por importe de 375321.56 €.

2º.- Financiar o expediente de crédito extraordinario nº 5/2014 con RTGX por importe de 375321.56 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 19 de novembro de 2014.

O ALCALDE

Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de facenda, Juan José Franco Casal, que di que quere sinalar a importancia da proposta dicindo que esta é a cifra real que se podería utilizar, o remanente sería algo inferior a 1 millón de euros, segundo o informe técnico que se incorporou ao expediente. O expediente incorpora dúas partidas que son executables de aquí ao final do ano. Quere aclarar que no caso de que se lle quixera facer unha achega aos bancos tamén precisaría un apoio técnico, legal e un acordo plenario. Á seguridade de que se van investir estes cartos o exercicio que vén é cero, así de acordo coa lexislación vixente non hai ningunha garantía de que para o ano que vén se poidan utilizar estes cartos para investimento. Conclúe dicindo que a decisión que toman é así de sinxela, ou se usan estes cartos ou non se poden usar.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que ningún dos argumentos que acaba de escoitar pode reverter o dito na comisión e algunha das cifras que se acaban de dar non é do todo exacta. Dille ao concelleiro de facenda que se actuara con lealdade e lles dixera realmente cales son as posibilidades de actuación dende un principio, para saber ata onde se podía chegar co gasto en obras, igual hoxe habería outra situación, pero isto non ocorreu. A situación foi á de marear a perdiz e dar información a medias, o que xa ten dito que é un xeito de mentir. Cando lle preguntaron cal é o límite de débeda real do concello a día de hoxe o concelleiro de facenda introduciu no expediente uns certificados da situación de hoxe, pero o concelleiro ben sabe que a fin de ano vanse producir unha serie de amortizacións e, por tanto, a situación a fin de ano é máis próxima á que dixo o seu grupo e non a que di o goberno, por iso isto son gañas de marear á xente.

En relación co informe de intervención di que lle parece moi claro e dedúcese que se isto se tivera comezado en setembro sería perfectamente posible o que lle pediu o partido socialista: ir ao límite

do que se podía gastar e investilo todo. Por iso, pódese discutir se son máis de 900.000 euros ou máis dun millón de euros, pero en todo caso non serían menos de 400.000 euros.

Cando o alcalde deu información de cales eran as posibilidades de uso dos cartos, os límites e demais condicións, e logo de ver este informe e outros que pediron para contrastar aquela información, a opinión que ten é que o alcalde faltou á verdade e que era posible unha execución de gasto moito maior. Ademais, agora tamén ten un dato que o alcalde deu onte no pleno cando avanzou que a débeda do concello se eliminará no 2014, cando se se seguise a liña de pagamento actual debería acabar no 2016. Isto que lles propoñen agora pensa que é parte dun plan, o goberno fixo directamente números e, entre o que non van gastar do remanente e o que xa teñen calculado de aquí a xuño dá para pagar directamente aos bancos. Pola súa banda, o seu grupo non está nesta liña, pensa o que se pode facer con eses cartos, con todos os cartos e non en propostas pírricas de obras co 30 % ou menos do que en realidade se pode gastar, porque se algo precisa este concello é que se inxecten cartos, algo que se precisa agora e non dentro de 2 ou 3 anos. Non se pode vir aquí a pedir esforzos cando o que hai é unha estratexia que vai en contra dos veciños e cando non se amosa ningún tipo de intento de diálogo, porque isto foi o que pasou dende o principio ao final, díxose o que se quería facer e tanto daba o que se podía facer porque só querían facer unha cousa, porque o resto dos cartos van ir para outro sitio. Haberá quen pense que amortizar a débeda sexa o máis importante, pero se o pensan así cando menos deben dicilo, non facer estas "triquiñuelas" e pretender que se comulgue.

Remata dicindo que o partido socialista votará a favor de que se gaste ata o último céntimo que se poida gastar e se non vén unha proposta nese sentido ao pleno non contarán en ningún caso co seu apoio.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que deste asunto xa se falou en varias ocasións e non se conseguiu chegar a acordos. O BNG xa deu alternativas a este gasto, díxose de contratar a persoal, de aproveitar o remanente para facer obras como a renovación da auga das Pías, obra importante e que será difícil volver ter eses cartos só por parte do concello, pero díxoselles que non podía ser porque todo tiña que estar executado e pagado antes do 31.12.2014, cando pensa que isto non é así, que si que ten que estar contratado pero non ten porque estar pagado e executado. O problema é a información que se lles facilitou, xa que cando un tenta chegar a acordos de boa fe e a información que recibe está maquillada, un acaba de desconfiar de todo, así o seu grupo puxo alternativas enriba da mesa e non se aceptou ningunha, por iso vense na obriga de ter que votar en contra deste punto, aínda que sexa por non negociar nin unha nin outra vez.

De seguido fai uso da palabra a voceira do grupo municipal mixto, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparten o dito e quere facer fincapé en que non entende que se lles oculte información sobre todo respecto de que as obras teñen que estar rematadas antes do 31.12.2014. Se isto non é así, entende que podían ter cabida outro tipo de obras que algúns membros da oposición levan pedindo dende o inicio da lexislatura e por iso interpreta que se lle está enganando. Se non hai consenso nin vontade para sacar adiante obras que se poden facer, non vai facilitar a aprobación desta proposta.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que si se dubida das cifras que constan nos informes dos técnicos, mal se empeza. O remanente que quedou este ano foi debido á boa xestión do goberno, xa que a oposición non aprobou os orzamentos e o goberno tivo que estar constrinxido cuns orzamentos prorrogados de 9.600.000 euros, de forma que se xerou o remanente porque a oposición non deixou gastar eses cartos, do mesmo xeito que tampouco deixaron gastar o remanente do 2012 de 200.000 euros.

Di que o seu goberno comezou a dialogar no mes de xullo, mes no que se comezou o expediente estando como interventor o secretario de Ares, que recibiu unha denuncia porque se sabía que estaba tramitando este expediente para dispoñer do remanente e a oposición non quere que o goberno dispoña do remanente porque, como ben din, é un balón de osíxeno antes das eleccións, inda que por outro lado digan que os veciños de Fene non teñen que verse privados das obras. Prosegue a dicir que isto é un acto de goberno, que el tamén estivo na oposición e daquela houbo actos de goberno que non lle gustaron nada, pero as obras sempre saíron adiante sen problema ningún agás unha, o parque que hai baixo a autoestrada, na que daquela os concelleiros da oposición non votaron a favor, igual que tampouco o farían hoxe.

Podíase dicir que se goberna mal porque podería terse metido neste remanente esta ou aquela obra, as que fosen, pero dende xullo o que fixo a oposición foi marear a perdiz, porque sabía que o goberno tiña que dispoñer do remanente antes do 31.12.2014 e alargaron o proceso e, de feito, non

D-O
09E
150
P-
E-
C

hai o primeiro escrito que tivese entrada no rexistro no que se propuxeran obras concretas. Na última reunión chegouse ao resultado de que as obras propostas dos parques non ían dar tempo a facelas e que se quedarían cos aglomerados e cos alumeados, que son os que veñen hoxe aquí. Isto foi así unha e outra vez ata que o goberno non pode esperar máis, polo que pide que cada un se retrate do xeito que queira, pero dálle a risa cando escoita que é o goberno quen quere meter os cartos nos bancos e lémbrale ao voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que nunha Xunta de Voceiros dixo que non pasaba nada se co remanente se cancelaba a débeda dos bancos, así quedarían libres as amortizacións que viñesen nos anos vindeiros e agora vén dicindo que baixo ningún concepto permitirá que os cartos vaian cara aos bancos. É certo o que dixo o voceiro do grupo municipal do BNG de que non conseguiron chegar a acordos, levan así 6 meses, por iso díxolle á oposición na última reunión claramente que propuxeran as obras. Agora estase acabando a lexislatura, pero se de el depende non volverá realizar outra Xunta de Voceiros sen secretario para que así queden todos ben retratados. O que está claro é que o goberno, dende a súa posición tratou de gastar o remanente en diversas obras para o beneficio dos veciños, pero non foi posible, non obstante dilles aos voceiros que o vindeiro luns, na Xunta de Voceiros volverán tratar as obras porque, non vaia ser que ao final haxa unha emenda ao artigo 32 e de verdade o 31.12.2014 se poida gastar o remanente, por tanto pídelles á oposición que o vindeiro luns lle comuniquen que obras queren para, no caso de que se faga dita reforma, que día 01.01.2015 se poida pedir proxectos e investir eses cartos. É unha mágoa que os veciños de Fene perdan obras por importe de 375.000 euros porque unha oposición considere que o goberno o está facendo mal. Se isto é así póñano de manifesto, teñen o Pleno, os medios de comunicación ou as asociacións, pero non lle saquen os aglomerados aos veciños que de verdade o ían agradecer.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro de facenda, Juan José Franco Casal, que di que pouco máis ten que engadir. Di que a única proposta que recibiu foi a través dos medios de comunicación cando xa estaba convocado o Pleno. Respecto das cifras di que son as que poñen de manifesto os técnicos e que non se inventa nada, que os certificados está claro que son a día de hoxe, segundo o pedido na comisión cando lle pediron que se quería unha foto fixa e que quería saber a día de hoxe cal é a débeda.

Respecto á vontade de pactar dille ao voceiro do grupo municipal socialista que pódelle presentar un rexistro de chamadas que reflecta a cantidade de veces que tentou poñerse en contacto para pactar algún cambio respecto da postura adoptada na comisión e das veces que non lle colleu o teléfono. Conclúe que a vontade de diálogo estivo presente en todo momento, se lle presentou a documentación e que está claro que se poden facer estes investimentos, por iso hoxe presentan este expediente ante o Pleno. Facer máis investimento sería algo totalmente imprudente porque non saben cal vai ser o resultado da liquidación do ano que vén, por iso di que non é unha cuestión só de prazos xa que, aínda que se comezase en setembro, o resultado sería igual, neste sentido o informe de intervención non di nada ao respecto.

En relación co dito polo voceiro do grupo municipal do BNG dille que non é certo que se facilitara información a medias, senón que se facilitou toda a información que se solicitou e non se ocultou nada.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que o feito que pon de manifesto que ningún dos dous grupos, PSOE e BNG, queiran deixar investir ao goberno en estradas é que do seguinte punto da orde do día tiveron que retirar 80.000 euros destinados a estradas; está claro o sentido do seu voto e o seu criterio: que o goberno non invista nada en fochas nin en beiravías porque iso vende.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que está claro que cada un quere ver a verdade dende a súa óptica. Dille ao concelleiro de facenda que lle parece miserable e cínico o que dixo das chamadas telefónicas, que con isto segue a romper pontes e que con este tipo de declaracións máis, que xa non lle queda ningunha ponte. O día que o chamou estaba traballando para o Concello de Malpica e cando traballa para os cidadáns do seu concello, que son os que lle pagan, esa é a primeira e absoluta prioridade. Non obstante, sempre que o traballo llo permite, aténdeo e se non o atende, como foi o caso, logo se pon en contacto; neste caso envioulle ao concelleiro de facenda unha mensaxe de Whatsapp pedíndolle desculpas e comunicándolle que cando fora posible se poría en contacto con el, por iso parécelle de vergoña que dixera isto aquí.

Dille ao alcalde, respecto das Xuntas de Voceiros, que el procura que o que di nun sitio o poida repetir en todas partes e así nas Xuntas de Voceiros fixo propostas, igual que os demais grupos, falou de obras de redes de saneamento e de acometidas e o alcalde foi o que dixo unha e outra vez que non se podía. Agora vén o informe de intervención e resulta que si se pode. A maiores, dille que

D-O
396
150
P-
E-
C-

o seu grupo o tiña tan claro isto que anunciaron publicamente as obras que defenden, sempre coa disposición a dialogar e consensualas co resto da Corporación, pero semella que cando non lle interesa o alcalde non le os xornais.

Dille ao alcalde que prosegue coas verdades a medias. Dixéronlle dende un principio que a un plan de obras consensuado no que se gasten todos os cartos e non sexan accións particulares de goberno dirían que si e agora llo repite. Nas reunións o alcalde díxolle que se non se facían as obras perdíanse os cartos e el díxolle que non se perdían, todo o máis se aprazará o seu uso e repítelle que o criterio do partido socialista é que non quere que se aprace o uso dos cartos, pensa que non é o momento de meter os cartos nos bancos, que é o momento de inxectar cartos na economía do concello, que lle fai moita falla, e o seu criterio é que todo o que se poida gastar se ten que gastar, por iso á vista do informe se pode gastar aínda moito máis do que o goberno quere gastar e por tanto non poden compartir isto.

Cando fala de que non se aprobaron os orzamentos, hai que ver que orzamentos presentou o goberno no 2012, que incluían pouco máis de 500.000 euros de obras, que serían as que terían problemas, xa que logo presentaron unha batería expedientes de créditos que foron todas aprobadas e puideron axustar o orzamento ao que quixeron. Co único que podían ter problemas era coa inversión e que conste que se lle tiveran presentado unha inversión para facer, o seu partido aprobaríaa pero é que a inversión prevista era só de 500.000 euros e o remanente líquido é de 1.600.000, por iso non lle poden botar a culpa do que o goberno non sabe facer e se non é quen de executar o orzamento, non é o seu problema. Teñen tanta manía destas cuestións que ao final fan isto para todo e así, o que lle pasou o outro día é que gastaron sen ter os cartos e, cando menos, debían ter preguntado se podían gastalos porque senón, pódelles pasar o que lles pasou o outro día que se lles dixo que non.

O orzamento que lles propuxeron para este ano é respecto do que teñen dificultades, así a primeira proposta do concelleiro de facenda nos gastos destinados a viais públicos pasou de 60.000 a 17.000 euros, iso o presenta o goberno intencionadamente e agora nos veñen dicir que gastaron 80.000 euros máis e que precisan que llos autoricemos. Non é serio nin responsable, cando o goberno tivo a oportunidade de aprobar un orzamento o fixo en solitario sen atender á oposición, reduciron e aumentaron as partidas que quixeron e o resultado foi un desastre, tanto que meses despois veñen dicir que aprobaron uns orzamentos cando sabían que xa tiña partidas consumidas e así pódese comprobar os gastos e ver que había encargos feitos antes de aprobar os gastos e que había moito máis deses 17.000 euros nesta partida xa gastados. Disto a oposición o soubo hoxe pero vostedes o sabían daquela.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que quere aclarar que a el no mes de xullo non se lle dixo absolutamente nada de todo isto e así ten constancia de que a primeira vez que se falou do remanente nunha reunión foi o 17.10.2014, segundo consta na súa axenda, cando se lles dixo que había un superávit duns 137.0000 euros que xunto ao remanente se podían dedicar a facer algunha obra. Por iso volvéronse xuntar o 24.10.2014 e non en xullo, aínda que non dubida que o alcalde iniciase o expediente en xullo e se foi así, tivo 3 meses para comunicarllo á oposición, que é do que se está queixando hoxe aquí, precisamente de falla de información. Por outro lado, se isto se comezou en xullo, foi en xullo cando se aprobaron os orzamentos e estas obras ben se puideron incluír neles. Así, si se sabe que hai un remanente do 2013 pódese prever nos orzamentos. Respecto dos 88.000 euros en facturas que se correspondían cos meses de marzo, abril e maio de 2014, están falando de facturas gastadas e por iso o alcalde non lle pode dicir aos veciños que non pode facer camiños cando xa gastou os cartos para facelos, xa que se hai facturas que non se corresponden con ningún gasto, entón isto é algo máis grave. A aprobación do gasto para pagar as facturas non son para facer camiños, iso é mentira, son para pagar camiños xa feitos, que non se recolleron nos orzamentos que se aprobaron en xullo e en agosto xa saíron publicados; pregunta se tampouco se podían incorporar estes gastos aos orzamentos.

Remata dicindo que o seu grupo presentou alternativas e, polos motivos que sexan, non se tiveron en conta e, se queren volverán falar do asunto, pero hoxe, pola súa banda, este expediente non vai saír adiante.

Seguidamente fai uso da palabra a voceira do grupo mixto municipal, María Carmen Martínez Rodríguez, que di que para ela o menos importante de todo é que as obras sexan un balón de osíxeno porque sempre antepuxo as necesidades dos veciños ás eleccións ou ás guerras políticas. Respecto das obras, as explicacións que lle deu o goberno foi que non se podía falar doutro tipo de obras porque as obras tiñan que estar executadas a 31.12.2014 e por iso falouse de alumeados e aglomerados porque facer redes de saneamento ou abastecemento non se podía por falla de tempo.

D-O
36
150
P-
E-
C

Agora sábese que isto non é así, porque a 31.12.2014 as obras teñen que estar contratadas e non executadas, co cal se podían ter propostas outro tipo de obras.

Respecto do dito de que poden ir aos medios de comunicación, dille ao alcalde que ben sabe que a oposición non ten ese xornalista co que nunca fala e que sempre sabe o que pasa en Fene, en calquera caso as cousas que pasan en Fene coñéceas polos medios de comunicación e o seu grupo non fai xamais propostas nos medios de comunicación, outra cousa será que digan nestes medios o que lles gusta ou o que non.

Respecto do dito que non se sabe o que vai pasar o 31.12.2014 di que, como din moitas veces os membros do PP que non poden facilitar nin aprobar mocións preventivas, ela tampouco pode aprobar ou facilitar cousas que non se sabe se van pasar; en calquera caso, di, como vostedes teñen liña directa co seu partido, que é quen fai as planificacións, as reformas e as leis, pídalle que lles informen de como vai quedar isto e con eses datos poder traballar.

Respecto dos orzamentos di que hai moitas cousas que non se incluían nos orzamentos e que logo se aprobaron modificacións de créditos, así EU facilitou a modificación da partida de servizos sociais, cando se cansou de dicir que os orzamentos levaban poucos cartos nesta partida.

Respecto do tema do teléfono supón que non ía por ela, pero dille que cando no pode atendelo contesta tan axiña como pode ás chamadas e se nalgún momento non poden atender ao teléfono, non quere dicir que non estean dispostos, cando menos dende EU, a negociar con calquera membro do goberno ou da oposición para todo o que sexa debate do concello e para beneficiar aos veciños.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di respecto das chamadas telefónicas que neste pleno nunca se dixo nada disto e que cando el chama ao BNG ou a EU contéstalle e o señor Noceda non lle contestou, logo soubo que ao concelleiro de facenda lle mandou unha mensaxe, pero á súa chamada non contestou.

Dille ao voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que non procede vir a este pleno dicir que se debe aos veciños de Malpica cando se debe aos veciños de Malpica e de Fene e que outra cousa é como o compatibilice, que é cousa súa.

Respecto do dito de que hai que gastar máis dille que non ten problema, que agora se pode gastar isto e o luns poden comezar facer outro expediente, por iso ben pode votar a favor, non obstante poden gastar ata 900.000 euros que é a cifra que sinala intervención. Na Xunta de Voceiros díxolle á oposición que incluso estaba disposto a saltarse o tema do remanente porque por aí hai quen o saltou e non lle pasou absolutamente nada.

Pídelle ao voceiro socialista que vote a favor desta proposta, porque se non lle gusta porque quere que se gaste todo, a partir do luns comezase a gastar o resto.

Respecto do tema dos 80.000 euros, pensa que se confundiu ou el se explicou mal, xa que eses cartos son os que se retiraron do expediente que foi o luns ao Pleno, que ía para estradas e non foi aprobado, motivando que se cambiara o expediente.

Todo isto indica que non queren que se gaste nin que se faga nada en estradas e por iso se retiraron aqueles cartos e a proposta quedou como se verá no vindeiro punto da orde do día. Cando veu o secretario de Ares a cubrir a praza de intervención si que se comezou a tramitar o expediente do remanente, daquela díxolles que ata o mes de agosto, no que estivera en vigor o orzamento, non se podía dispoñer do remanente e non sabe por que, nese lapso de tempo de 2 ou 3 meses a ese señor, o BNG de Ares presentoulle unha denuncia ante a Dirección Xeral de Administración Local porque dicían que está cubrindo unha praza de acumulación en Fene e que non atendía ao seu destino; sen embargo, tamén cubre as prazas de Cedeira e As Pontes, supostos nos que non pasou absolutamente nada, só foi denunciado cando veu cubrir Fene. Así, o expediente non avanzou, pero ese incidente é bastante importante.

Seguidamente o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, di que quer intervir para esclarecer que o secretario de Ares tiña retrasadas as actas das Comisións, incluso dos Plenos, de máis dun ano e que o BNG de Ares tiña solicitado informes dende facía meses que non se lles facilitaban coa escusa de que non tiña tempo para facelos nin para facer as actas, polo que cando ese home decidiu vir acumulado a Fene, como se fose a outro sitio calquera, o BNG de Ares decidiu denunciálo porque non lle facilitaban a información por falla de tempo cando si tiña tempo para acumular outro concello. Eses foron os motivos do BNG. De todos os xeitos, neste Concello segue a haber persoal suficiente como para controlar os expedientes e non paralizar o concello, semella que todo o persoal de aquí é incompetente e que ningún pode continuar un expediente deste tipo cando durante moitos anos houbo persoal municipal substituindo secretarios e interventores que fixeron o traballo normalmente. Tamén quere facer referencia ao que dixo o alcalde de que o remanente non se podía dispor del ata que non se aprobase o orzamento, dicíndolle que quen aprobou os orzamentos no mes de xullo foi o goberno e se se tivesen aprobado en marzo ou decembro do ano

0-0
360
150
P-
E-
C

pasado, como lle propuxo o seu grupo no mes de novembro, non habería ningún problema, porque semella que os orzamentos se aprobaron no mes de xullo por culpa da oposición.

A continuación intervén o alcalde que dille ao voceiro do grupo municipal do BNG que non lle pode dicir ao goberno que estiveron de brazos cruzados e que non houbo reunións e reunións para facer os orzamentos, por iso chegouse a este punto, porque xa sabían que non ía haber ningún acordo e comprenderá que tamén ten dereito a pensar mal.

Sometido o asunto a votación, foi rexeitado, non sendo aprobado por 8 votos en contra (3 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto) e 6 votos a favor do grupo do PP.

3. Previa ratificación da urxencia, aprobación, se procede, do expediente de suplemento de crédito, núm. 4/2014

O concelleiro delegado de facenda, don Juan José Franco Casal, expón, respecto da urxencia do asunto, que esta ven xustificada por mor dos prazos perentorios de aprobación do expediente.

Sometida a urxencia a votación é ratificada por 11 votos a favor (6 do grupo do PP, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 3 abstencións do grupo socialista, quedando o asunto incorporado á orde do día.

A proposta que se somete a aprobación é a que segue:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de créditos nº 4/2014, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria e providencia adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sometese a esta Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 04/2014 de suplemento de crédito financiados con RTGX por un importe global de 28000,00 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :
Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
313/22700	Accións públicas relativas á saúde. Servizos limpeza	5000.00
323/22100	Promoción educativa. Suministro enerxía eléctrica	5000.00
920/62600	Administración xeral. Equipos informáticos	18000.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX por importe de 28000 €.

2º.- Financiar o expediente de suplemento de crédito nº 4/2014 con RTGX por importe de 28000 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante

o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Fene, a 25 de novembro de 2014.
O ALCALDE
Asdo.- Gumersindo P. Galego Feal.”

Abre o debate o concelleiro de facenda, Juan José Franco Casal, que di que este expediente era máis amplo nun principio e que ao final quedaron as cousas nas que parece que había máis consenso que son unha partida para os baños públicos, para o subministro de electricidade e para a merca de equipos informáticos, todo iso por un importe de 28.000 euros.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que a pesar das pontes que rompe o concelleiro de facenda, o seu partido manterá a súa palabra e votarán a favor.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, Juventino José Trigo Rey, que di que nestes asuntos si que hai consenso. Xa dixeron que este expediente se puido ter feito antes e xa comentaron a semana pasada cal era a solución e que tal e como ía daquela non se ía aprobar, por iso alégrase que polo menos, de cando en vez, non se faga o traballo en balde. Anuncia que votarán a favor.

Por parte do grupo mixto, anúnciase o voto a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1º. Aprobar o expediente nº 04/2014 de suplemento de crédito financiados con RTGX por un importe global de 28000,00 € de conformidade co previsto no TRLRFL.O detalle é o seguinte :

Aplicacións orzamentarias incrementadas polo suplemento de crédito:

APLIC. ORZ.	CONCEPTO	IMPORTE (€)
313/22700	Accións públicas relativas á saúde. Servizos limpeza	5000.00
323/22100	Promoción educativa. Suministro enerxía eléctrica	5000.00
920/62600	Administración xeral. Equipos informáticos	18000.00

Medios de financiación do gasto.-

-Proponse que a financiación se realice con cargo ó RTGX por importe de 28000 €.

2º.- Financiar o expediente de suplemento de crédito nº 4/2014 con RTGX por importe de 28000 €.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Ley Reguladora das Facendas Locales, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas substanciaranse dentro dos 8 días seguintes á súa presentación, entendéndose denegadas se non se notifica a resolución favorable ó interesado dentro de dito prazo.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 9:26 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas

0-0
360
150
P-
E-
C.I.